



Youtubeir@s! Abridge ben as orelas! Aquí vos deixamos algunhas páxinas para descargar música e efectos sonoros para enriquecer os vosos vídeos de Youtube. Se cando alguén chisca un ollo soa unha campaña o resultado é moito máis sexy, non credes? Bromas a un lado, probade a editar con multitude de recursos sonoros: os efectos realzan as accións que queirades destacar e a música aporta emoción ás persoas que vos seguen. Coma sempre, se alguén sabe de máis recursos xa estades tardando en comentar embaixo.

- **FREESOUND.** Unha grande comunidade de persoas enchen de recursos sonoros esta web. Só tes que facer a túa conta (que é de balde) e xa podes desargar milleiros de arquivos de son. Atent@s aos usos que permite cada usuari@. Dentro das licenzas libres temos varios grados de permisibilidade que temos que atender e respectar. Na maioría dos casos o uso comercial está restrinxido nestes recursos. Uf! Aquí xa nos metemos en temas de licenzas, e isto imos deixalo para outro día!
<https://freesound.org/>
- **BANCO DE IMAXES E SONS DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN.** Esta web ten moitos son e recursos tamén! Bota man deles! Non fai falta rexistrarse. Anotación: buscar nesta web é como ir á feira, tes que remexer bastante porque ás veces atopas cousas con moito ruído ou mal gravadas.
<http://recursostic.educacion.es/bancoimagenes/web/>
- **FREEPD.** Aquí atoparás música para empregar nas túas creacións para Youtube, están dividias por temas (terror, romaticas, comedia...) e danlle un engado importante as creacións audiovisuais <https://freepd.com/>

- **BIBLIOTECA SONORA DE YOUTUBE.** Youtube conta tamén cun arquivos de músicas e sons listos para incluír nas túas creacións. Podes descargar os arquivos ou engadilos directamente dende Editor de Youtube en liña.

<https://www.youtube.com/audiolibrary/music>

- **ARQUIVO DO PATRIMONIO ORAL DA IDENTIDADE.** Este arquivo é moi especial, conta con material musical do noso patrimonio que non atoparás noutras páxinas máis xeralistas. escoita, pode que casen ben cos teus vídeos!

<http://www.apoi-mpg.org/>

Está é unha pequena relación de recursos variados que ofrece a Rede, pero quedan moitísimos máis por nomear. Se sabedes dalgún máis poñede a ligazón! Que sexa proveitoso para os vosos oídos youtubeir@s!